

Autor: **CELSO EMILIO FERREIRO**
 Prólogo: **RAMÓN NICOLÁS**
 Deseño: **MARC TAEGER**

Encadernación rústica. Caixón de Narrativa
 160 páxinas. 14,5x21 cm.
 ISBN 978-84-96957-10-7

Prezo: 13 €

LA FRONTERA INFINITA

Celso Emilio Ferreiro, preto xa do trixésimo aniversario do seu falecemento, asentouse por dereito propio como unha das voces de maior relevancia e orixinalidade no panorama das letras peninsulares do século XX. Para mostra só habería que consultar os manuais de historiografía literaria que compendian a produción galega ao longo dos últimos anos, para confirmar a unanimidade que os seus valores suscitan. Non podía ser doutra maneira.

Ramón Nicolás



Partindo do tinte suxerente que envolve a obra dende o mesmo título, este libro de relatos contribúe a alimentar a imaxinación do lector a base dunha prosa que reborda maxia, expresividade e talento narrativo. A capacidade para evocar mundos propios e extraños, a sutileza coa que se suceden as figuras literarias e o ambiente metafórico que envolve cada historia, é unha invitación á lectura entregada.

Celso Emilio Ferreiro foi un poeta comprometido, humanista, soñador. Na súa faceta prosística destacou pola riqueza e solidez dos seus textos, marcados por un lirismo, un ritmo e unha estrutura debedora do verso. As súas palabras son o espello do seu carácter: xustiza, liberdade, sátira, humor...

CELSO EMILIO FERREIRO (Celanova, 1912 - Vigo, 1979)

Estudou Dereito en Santiago e Oviedo. Na súa xuventude destacou polo activo compromiso político que mantivo, parella á súa laboura literaria. En 1948 fundou en Pontevedra a colección de poesía Benito Soto. Ao ano seguinte instalouse en Vigo e empezou a publicar a súa obra poética, entre a que destacan títulos como "O soño asulagado" e "Longa noite de pedra", convertida nun símbolo da corrente socialrealista.

Emigrou en 1966 a Venezuela, onde publicou títulos de tono satírico como "Viaxe ao país dos ananos" "Cantigas de escarnio e maldicir". Regresou a España en 1973; desa época son poemarios como "Onde o mundo se chama Celanova". Os seus dous únicos libros de narrativa son "A fronteira infinda" (1972) e "A taberna do galo" (1978). Dirixiu a Aula de Cultura Gallega no Ateneo de Madrid e colaborou co diario ABC como crítico literario. O seu legado literario mereceu que se lle adicase o Día das Letras Galegas en 1989.